



I CONCURSO FOTOGRÁFICO "CAMIÑO DE SANTIAGO"



I CONCURSO E EXPOSICIÓN DE FOTOGRAFÍAS DO CAMIÑO DE SANTIAGO

CENTROS GALEGOS COMUNIDADE VALENCIANA

CASTELLÓN, VALENCIA Y ALICANTE

MAIO 2021

Os Centros Galegos de Alacante, Castelló e Valencia, desexan neste Xacobeo 2021-22, apoiar e fomentar as iniciativas culturais en torno ao Camiño de Santiago realizando entre outros proxectos un concurso e posterior exposición, das fotografías, realizadas polos socios das respectivas entidades, que se expoñerán nas tres capitais ao longo deste ano e/ou o próximo, ben nas instalacións das nosas sedes ou en salas adecuadas, ben oficiais ou privadas, abertas ao público en xeral. Para o que convocan este Concurso de acordo ás seguintes

BASES:

1. **PRESENTACIÓN:** As fotografías achegaranse encostadas a unha cartolina branca, tamaño DIN-A4 e na parte inferior escribirase o título da fotografía, non identificándose con ningún outro dato e virá debidamente protexida dentro dun sobre. Así mesmo, achegarase un arquivo en soporte dixital, con máxima resolución, das mesmas. Cada concursante poderá presentar como máximo tres fotos. As fotografías deben de ser orixinais, e inéditas, e posuír un mínimo de calidade, para a súa posterior ampliación. Non se aceptarán fotografías, obtidas da internet ou de calquera outra plataforma, ou ser publicadas ou expostas con anterioridade, noutros medios.
2. **PLICA:** Presentarase en sobre pechado co título da fotografía/s, contendo os datos persoais do autor (Nome e Apelidos, DNI, Idade, Correo electrónico, Teléfono, Domicilio, Lugar e data aproximada onde se realizou a fotografía)
3. O prazo para a súa entrega finalizará o **30 de Maio de 2021**.
4. Lugar de envío: Calquera dos tres centros Galegos da Comunidade Valenciana.
 - a. Tamén é posible a participación a través do correo electrónico. Neste caso, os traballos enviaranse polo sistema de plica á seguinte dirección:
secretaria@centrogalegovalencia.es

- b. No “Asunto”, poñerase: I Concurso Fotográfico “Camiño de Santiago” – Centros Galegos de Levante
 - c. Enviaranse nun só correo dous documentos adxuntos en PDF. Nun, irá/ n a/ s fotografía/ s, e, para identificalo, poñeráselle un título. No outro, escribirase a palabra “PLICA” e, entre paréntese, ese mesmo título para identificar o arquivo, no que deberán constar o nome, os apelidos, a dirección postal, o teléfono, o correo electrónico e o DNI escaneado da persoa concursante.
 - d. Co fin de garantir o anonimato, o correo electrónico desde o que se realice o envío non conterá nin o nome nin os apelidos de quen participe neste concurso.
- 5. Poden ir acompañadas dalgún breve texto, poesía ou descrición, que poderá incluírse ao pé da mesma.
 - 6. O xurado, estará composto por cinco persoas: Os presidentes dos tres Centros Galegos da Comunidade Valenciana, un fotógrafo de recoñecido prestixio e un socio dunha entidade, a vogal de cultura do Centro Galego de Valencia actuará como Secretaria.
 - 7. O fallo do xurado será inapelable.

8. Premios:

- ✓ **Primeiro premio**, obra de arte e placa de recoñecemento.
- ✓ **Segundo premio**, 200 euros en metálico se é maior de idade, ou agasallo equivalente se non o é, e placa de recoñecemento.
- ✓ **Terceiro premio**, 100 euros en metálico se é maior de idade, ou agasallo equivalente se non o é, e placa de recoñecemento.
- ✓ Así mesmo, algunha categoría poderá ser declarada deserta, se así o determinase o xurado.

- 9. As obras seleccionadas entre 30 e 40 en total, reproduciranse e ampliadas, no soporte adecuado para a súa exposición, devolvéndolas posteriormente aos concursantes que así o soliciten, exceptuando as tres premiadas, que quedarán en poder dos organizadores.

10. As fotografías deben de acompañarse cunha autorización, onde conste expresamente a cesión dos seus dereitos de autor.

11. **DEREITOS DE AUTOR:** As obras premiadas en soporte físico, quedarán en propiedade das entidades convocantes, a propiedade intelectual e autorías serán sempre do autor/a. As entidades, deberán facer constar en futuras reproducións impresas ou por calquera medio dixital o nome do autor/a.

Para máis información respecto diso, contactar con algún responsable dos Centros Galegos do Levante:

CGV – 693 442 780 Manuel Fortes

CGC – 690 653 904 Xosé Filgueira

CGA - 648 47 13 93 Albino Rial

MODELO DE AUTORIZACIÓN PARA EXPOSICIÓN DE FOTOGRAFÍAS

D/ña.- _____

Maior de idade, con DNI _____ domiciliado en

Conforme coas bases que rexen o **I CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DO CAMIÑO DE SANTIAGO**, autorizo aos Centros Galegos de Valencia, de Alacante, ou/e de Castelló, para o tratamento exposición das _____ fotografías enviadas, cedendo sobre as mesmas, os dereitos de autor.

Asinado,